CONCELLO DE SANTIAGO
Departamento de Educación e Cidadanía

REDE MUNICIPAL DE ESCOLAS INFANTIS
PRAZOS DE ADMISIÓN E MATRÍCULA. CURSO 2016-17

ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE CONXO
Praza de Aurelio Aguirre 1- Conxo
15703 – Santiago de Compostela
Tlfno: 981 52 87 02

ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE FONTIÑAS
Rúa das Fontes do Sar nº 1
15705 - Santiago de Compostela
Tlfno: 981 52 87 03

ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE MEIXONFRIO- SALGUEIRIÑOS
Rúa do Lavadoiro s/n
15705 - Santiago de Compostela
Tlfno: 981 52 87 07

DO 1 AO 10 DE MARZO (ambos os dous incluídos). RESERVA DE PRAZAS E TRASLADOS DO ALUMNADO ACTUAL

DÍA 14 MARZO – EXPOSICIÓN PÚBLICA DE PRAZAS VACANTES POR UNIDADE

DO 15 DE MARZO AO 15 DE ABRIL – PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE NOVO ALUMNADO

DO 1 AO 15 DE XUÑO. FORMALIZACIÓN DE MATRICULA

1 DE SETEMBRO INICIO DO CURSO ESCOLAR 2016-2017



As solicitudes entregaranse no
Rexistro Xeral do Concello de Santiago.
(Rúa do Presidente Salvador Allende 4, Galeras) ou no Rexistro auxiliar do CSC O Ensanche (Rua Frei Rosendo Salvado nº 14-16)

NOTA IMPORTANTE: Aquelas persoas que solicitasen prazas para este curso e figuren en situación de espera deberán facer de novo a solicitude de admisión.



CONCELLO DE SANTIAGO
Departamento de Educación e Cidadanía

REDE MUNICIPAL DE ESCOLAS INFANTIS
PRAZOS DE ADMISIÓN E MATRÍCULA. CURSO 2016-17

ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DE CONXO, AS FONTIÑAS E MEIXONFRÍO-SALGUEIRIÑOS

Información sobre os prazos de admisión e matrícula nas Escolas Infantís Municipais do concello de Santiago de Compostela

- **O prazo de presentación de solicitudes de reserva de praza e traslado do alumnado actual, será entre os días 1 e 10 de marzo** (ambos os dous inclusive), coa entrega da correspondente solicitude no Rexistro Xeral ou no Rexistro auxiliar do concello de Santiago de Compostela. Os/as traballadores/as das EIM de Conxo, das Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños deben solicitar tamén neste período a praza para o seu fillo/a.

- **Prazos de solicitude de novo ingreso: Do 15 de marzo ao 15 de abril de 2016**

- **Impresos de solicitude de matrícula:** A disposición das persoas interesadas, nas tres Escolas Infantís Municipais de Conxo, As Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños, no Departamento de Educación e Cidadanía (edificio CERSIA), e na páxina web do Concello de Santiago.

- **Presentación de impresos de novo ingreso:** Deberán presentarse no Rexistro Xeral do concello de Santiago (rúa do Presidente Salvador Allende, nº4) ou no Rexistro Auxiliar do CSC O Ensanche (Rúa Frei Rosendo Salvado, nº 14-16). O horario para presentar a solicitudes e a documentación en calquera destes rexistros é de 9.00 ás 14.00h, de luns a venres (incluídos os sábados co mesmo horario no Rexistro Xeral).

- **Requisito imprescindible:** o neno/a deberá estar empadroado no Concello de Santiago de Compostela (no caso de nenos/as non natos, a nai deberá estar empadroada no Concello de santiago no momento de presentar a solicitude).

- **Idades dos solicitantes:** nenos/as nados nos anos 2014-2015-2016 (teñen que nacer antes do 31 de setembro do 2016, xa que é requisito imprescindible incorporarse á escola infantil antes do 31 de decembro e a idade mínima para poder acceder á escola infantil é ter cumprido os tres meses de idade).

- **Traslados:** Só se pode realizar este trámite dentro das escolas infantís municipais (Conxo, As Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños), sempre e cando haxa praza na escola que se solicita e dentro do prazo marcado do 01 ao 10 de marzo. Se houbese máis solicitudes que prazas realizarase un baremo).

- **¿Pódese solicitar matrícula en varias escolas?**: Pódese solicitar praza en todas ao mesmo tempo. No caso de ser admitido en varias escolas terá que formalizar a matrícula na que máis lle interese e renunciar ao resto.

  No caso de ser admitido nunha escola diferente á súa primeira opción das tres escolas infantís municipais (Conxo, As Fontiñas e Salgueiriños), debe ter en conta que:

  - Se acepta a praza queda automaticamente excluído da lista de agarda.
  - Se non acepta esa praza terá que renunciar a ela por escrito e pedir que se lle manteña na lista de agarda para a súa primeira opción.

- **Familia monoparental:** entenderase por familia monoparental cando forme parte da unidade familiar unha única persoa proxenitora que non conviva con outra coa que manteña unha relación, e sempre que a outra persoa proxenitora non contribúa economicamente ao seu substento. Neste caso xustificaríase cunha denuncia reclamando o pago da manutención do menor

- **Unidade Familiar:** Enténdese por unidade familiar a formada polos dous proxenitores non separados legalmente e os fillos menores de idade, así como os fillos e fillas adultas cun grado de discapacidade superior ao 33% que se atopen incluídos na declaración da renda dalgún dos proxenitores.

- **Persoas a cargo que NON forman parte da unidade familiar**: son aquelas persoas que sen formar parte da unidade familiar atópanse a cargo dalgún dos dous proxenitores, e que aparezan reflectidos na súa renda.

- **Mensualidades:** o importe da mensualidade calcularase en función da renda da unidade familiar; os tramos atópanse expostos no taboleiro de anuncios, na entrada das escolas infantís.

- **Descontos**: terán un 20% de desconto, non acumulable no mesmo neno/a, nos casos de:
    - Familia numerosa.
    - Familia monoparental.
    - Irmán no centro (o 2º e sucesivos).

No caso de contar con algún irmán no centro, cada un deles terá un desconto diferente se se dera o caso de que se xunten varias das situacións.

- **Cálculo da mensualidade no caso de pais e nais separados legalmente**: nestes casos considérase como unidade familiar ao proxenitor que conviva co menor (ou menores) e aos mesmos. O importe que se terá en conta será a renda deste proxenitor máis a cantidade que achegue o outro proxenitor para a manutención do menor.

- **Modificación das mensualidades**: no caso de que as familias soliciten unha revisión da súa situación terán que achegar a documentación de que se trate:

    - No caso de separación, a sentencia.
    - No caso de cambio de ingresos na familia terán que achegar a documentación pertinente dos catro últimos meses nos que veña reflectida esta situación. (catro últimas nóminas, certificado do INEM…)

- **Bono concilia:** no momento de solicitar praza nalgunha das Escolas Infantís Municipais terán que cubrir o apartado e anexos correspondentes referidos a este apartado, para que no caso de non ser admitidos, queiran optar ao bono concilia (unha axuda que dá a Xunta de Galicia como axuda á escolarización nunha escola infantil privada). Unha vez cuberta a documentación, a xestión desta axuda realízase dende a Xunta de Galicia (tfno.: 981 185741). No caso de que unha persoa beneficiaria do bono concilia, por quedar en lista de agarda, fose chamada para ocupar praza previamente solicitada nalgunha das Escolas Infantís Municipais, perderá automaticamente o bono concilia decida ou non aceptar a praza que se lle oferta.

- **Rede de Escolas infantís de Santiago**:

  Escolas Infantís Municipais: Conxo (981528702), As Fontiñas (981528703) e Meixonfrío-Salgueiriños (981528707). Un único impreso de solicitude de matrícula para as tres.

  Galiñas Azuis: San Roque (981528704), Trasparlamento, (981528706) e Tambre (981528705) (consultar nas escolas).

  Xunta de Galicia: Vite (981 563848)

  De Iniciativa Social: Santa Marta (981598950), Rubido Romero, (981 599058) Raiola (981 594060), San Pelaio (981 583127), Casa do Neno (98158312).

CONCELLO DE SANTIAGO
DEPARTAMENTO DE EDUCACION E CIDADANÍA
Tfno: 981 55 44 00 Fax: 981 57 15 11
dptoeducacion@santiagodecompostela.org
www.santiagodecompostela.org

CONCELLO DE SANTIAGO
Departamento de Educación e Cidadanía

SITUACIÓN ACTUAL DA MATRICULACIÓN POR UNIDADES E ESCOLAS NO CURSO 2015-2016

	E.I.M DE CONXO			E.I.M DAS FONTIÑAS			E.I.M DE MEIXONFRIO SALGUEIRIÑOS		
	MATRICULADOS	PRAZAS VALEIRAS	PRAZAS EMERXENCIA SOCIAL	MATRICULADOS	PRAZAS VALEIRAS	PRAZASEMERXENCIA SOCIAL	MATRICULADOS	PRAZAS VALEIRAS	PRAZAS EMERXENCIA SOCIAL
0-1 ANOS	10	0	Libre	8	0	ocupada	26	0	Libre
1-2 ANOS	17	0	Libre	18	0	ocupada	41	0	ocupada
2-3 ANOS	28	13	Libre	40	0	ocupada	57	1	Libre
TOTAIS	55	13	3	66	0	1	124	1	2
TOTAIS: 245	55			66			124		

SITUACIÓN ACTUAL DA LISTAXE DE AGARDA COMUN POR UNIDADES NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE SANTIAGO NO CURSO 2015-2016

TRAMO 0-1 ANOS		TRAMO 1-2 ANOS		TRAMO 2-3 ANOS	
A DIA DE HOXE	NA ORIXE	A DIA DE HOXE	NA ORIXE	A DIA DE HOXE	NA ORIXE
24	69	36	92	0	55

PRAZAS NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS. CURSO 2016-2017

TRAMO 0-1 ANOS			TRAMO 1-2 ANOS			TRAMO 2-3 ANOS		
Totais	Reservadas	Vacantes	Totais	Reservadas	Vacantes	Totais	Reservadas	vacantes
40	3 (emerxencia social)	37	65	44 + 3 (emerxencia social)	18	140	77 + 3 (emerxencia social)	60
TOTAL PRAZAS NAS ESCOLAS INFANTÍS : 245 PRAZAS VACANTES QUE SE OFERTAN: 115 (+ 9 PRAZAS DE EMERXENCIA SOCIAL)								